



**D. Abel Caballero Álvarez**  
**Alcalde de Vigo**  
**Concello de Vigo**  
**Praza do Rei, 1**  
**36202 - Vigo**

Vigo, 04 de xuño de 2024

Sr. Alcalde:

Como seguimento da nosa carta do pasado 29 de novembro, antes do inicio da COP28 en Dubai, dirixímonos de novo a Vde. desta volta co gallo do Día mundial do Medio Ambiente o día 5 de xullo, unha celebración promovida polo programa ambiental (PNUMA) de Nacións Unidas para fomentar a conciencia mundial e a acción a prol do medio. O lema escollido este ano, “Nosas terras, noso futuro. Somos a xeración da restauración”, céntrase en aspectos como a resiliencia, a restauración de terras, a loita contra a seca e a desertización. Todos estes aspectos teñen tamén unha traslación ao ámbito local e son parte dos efectos da emerxencia climática.

O 5 de xuño, coma todos os días, o clima tamén se xoga en Vigo. Por iso pedísmolle unha xuntanza con Vde. na que poidamos abrir unha **canle de diálogo permanente** para procurar vías de entendemento e colaboración co obxectivo de crear unha **Asemblea Cidadá polo Clima en Vigo** e **elaborar un Plan plurianual de Acción Municipal sobre a Crise Climática** con obxectivos específicos anuais e mecanismos de revisión e cumprimento, aliñado coas recomendacións científicas para limitar o quecemento global por debaixo de 1,5°C e centrado, entre outras cuestións, nunha transición enerxética rápida, limpa, eficiente e xusta, unha mobilidade sostible e multimodal e a conservación e restauración da natureza.

Quedamos ao seu dispor para manter esa xuntanza para tratar estas propostas máis polo miúdo o máis axiña posible. Agradeceremos que para tal efecto se poñan en contacto con Manuel Santos de Greenpeace no móbil 608 250 972.

Sen outro particular, á espera da súa pronta resposta, saúdalles atentamente,

Amigas da Terra, Amnistía Internacional, Ecoloxistas en Acción, Greenpeace e Verdegaiã.